

Modesto Augusto (Cangas do Morrazo) está a punto de comenzar su proxecto 3.0 no O Rosal. Luego de una traxectoria extensa nos mellores clube de Galicia (Frigoríficos del Morrazo, S.D. Teucro, ..) chegou fae casi 3 anos ao Acanor Atlético Novás para tomar as rendas do primeiro plantel. Un terceiro e un primeiro posto son o seu balance ate o de agora. Miguel Estevez charlou con el con respecto ao pasado e o curso que está a piques de comezar.

1. Inicias a tua terceira tempada en O Rosal, ¿Qué sensacións tes?

De ilusión, sabendo que os pasos que imos dando vannon achegando aos obxectivos que pretendemos



2. Repasemos primeiro o curso pasada. Foi casi perfecto, ¿Qué nota lle porías?

Creo que como se demostrou, cos resultados obtidos, o equipo foi capaz de competir a un alto nivel amosando gran solvencia competitiva

3. ¿Crees que foi unha decepción non conseguir o ascenso na nosa pista?

Obviamente non conseguir os obxectivos que, a nivel individual e colectivo nos propoñemos, non nos satisfai , especialmente pola nosa afección que con tanta ilusión acolleu a fase de ascenso, pero debemos valorar o nivel de fiabilidade que o equipo foi capaz de ofrecer durante toda a tempada

4. ¿Cal ou cales pensas que foron os motivos da derrota co Nava, que nos privaron do ascenso?

Aspectos competitivos que nos quedan por corrixir e que nun torneo tan curto onde calquera circunstancia ou erro convértense en transcendental. Considero

que aínda tendo unha focha de eficacia, como aconteceu durante a segunda parte, non tivemos a confianza suficiente para crer que era posible remontar o partido, máxime cando as diferenzas no marcador non eran insalvable

5. Falando xa de esta nova tempada, ¿Un balance da pretempada? procurando

Este ano trazamos un plan diferente, atendendo a dificultade que presenta o inicio da tempada e procurando non asumir riscos excesivos de sobrecargas, de maneira que os

xogadores estiveran na mellor situación para o inicio da competición; somos optimistas por tanto neste aspecto, temos confianza en poder asumir nas mellores condicións as esixencias que imos a ter

6. ¿Qué obxetivos te marcas para esta?

Creo que durante estes anos o equipo foi capaz de competir ao máis alto nivel, a pesares de facelo con equipos da categoría de Zamora, Chapela, que con posterioridade formaron parte da categoría de prata, aos que engadiremos ao Grupo Covadonga, Ademar, Xiria, Lalín, Seis do Nadal que sempre presentan equipos moi competitivos. A nosa ambición para este tempada debe ser continuar estando ao máximo nivel de esixencia e a nosa ambición e poder ofrecer a afección o ascenso de categoría, sabendo de antemán que nos queda una primeira fase regular moi dura , e si logramos clasificarnos, unha fase de ascenso particularmente dificultosa posto que, votando unha ollada ás plántellas de outros grupos, intuímos as que a súas pretensións tamén pasan por conseguir o ascenso

7. ¿É posible repetir a actuación na competición doméstica do ano pasado, onde so houbo unha mancha no expediente?

Será difícil porque, en primeiro lugar ampliouse o número de equipos na categoría, o que significa que debemos asumir esforzos máis prologados, e en segundo, porque a incorporación do recen descendido Chapela debemos engadir outros equipos que realizaron incorporacións importantes

8. ¿Qué opinas das incorporacións?

Como sempre, van en consonancia coas posibilidades do club, tratando de mellorar algún de aqueles aspectos que consideramos máis deficitarios do equipo; por elo, a incorporación de Arkaitz Vargas, que nos aportará máis estabilidade defensiva e maior versatilidade en ataque, xunto coa de Manu Martinez que nos ofrece maior velocidade ofensiva, cremos que son complementos que necesitábamos para conformar un grupo sólido

9. Gran parte da afección pensa que para este ano que arranca o Acanor Novás mellorou a plantilla. ¿Engade iso presión?

Engade quizais maior responsabilidade, pero esa presión é consubstancial co nivel de aspiracións, debendo asumila



con naturalidade e estando a altura das esixencias

10. ¿Cal crees que é a principal virtude do equipo?

Cando conseguimos xogar con intensidade amosámonos como un equipo sólido

11. ¿E o aspecto a mellorar?

Especialmente aspectos relacionados co mantemento da concentración de forma prolongada, fundamental para ser capaces de solucionar os períodos de mal xogo polos que tódolos equipos atravesamos ao longo dun partido

12. ¿Qué opinas de estos encuentros? Co descenso do Chapela recupérase un dos grandes partidos da primeira nacional galega. Novás - Chapela ¿Qué opinas destes duelos?

Clásicos na xa non solo na pista senón tamén polo atractivo que supón para as nosas afeccións; son partidos cun alto nivel de incerteza onde as variacións no xogo son habituais en onde a paixón das gradas trámites a pista

13. Precisamente arrancam a liga contra o Construcciones Castro Chapela, a priori rival directo. ¿Pensas que pode ser un partido crucial para o devenir da tempada?

Resulta difícil que cando queda toda unha competición por diante o primeiro partido convértase en decisivo; considero que si acabará sendo máis determinante a solvencia que amose o equipa durante a competición ante rivais que, aínda que nos aspiren ás prazas de honra, acabarán condicionando a clasificación final



14. Un amplo sector do público da primeira nacional sinala que o nivel da liga será superior. ¿Ti tamén tes ese pensamento?

Coincido con eles posto que ao nivel competitivo amosados por Xiria e Seis do Nadal hai que unir ao Chapela que ven dunha categoría superior e equipos que saen moi reforzados como Cisne e Lalín, OAR e SAR.

15. ¿Cales coidas que serán os equipos que loitarán polos postos de 'playoff'?

Creo que os equipos que acabo de citar son os que pelexaremos polos primeiros postos

16. A principal fonte de xogadores do primeiro equipo é a canteira, e ven de celebrarse o IV Campus Base Atlético Novás. ¿Como ves o futuro do balonmán no noso pobo?

A nosa prioridade foi sempre que os xogadores formados no Rosal formen a columna vertebral do equipo; as veces non é fácil contar con todos aqueles que poden ofrecer un nivel competitivo que esixe a categoría xa que os seus intereses, aspectos de estudo, traballo ou incluso ofertas e ambicións persoais, apártannos das nosas posibilidades, pero aspiramos que nun futuro próximo sexamos capaces de ofrecer ese nivel de aspiracións para que a nosa oferta lles sexa prioritaria

17. ¿Gustate contar coa canteira e os xogadores xovenes ou prefieres a experiencia e veteranía?

Creo que como tódolos entrenadores non diferenciamos a idade senón a calidade

18. ¿Unha mensaxe para a afección?

Agradecer o apoio e cariño que sempre nos amosan e poder corresponderlles cos resultados a que todos aspiramos, xa que a entrega e ambición son consubstanciais cos valores do equipo